



Desde o Departamento de Servizos Sociais Municipais estase a preparar a posta en marcha de varios **PROGRAMAS NO EIDO DA ATENCIÓN A PERSOAS DEPENDENTES E COIDADORAS**

O primeiro que xa leva funcionando 5 anos é o programa **“Cidadanas: apoio integral a coidadoras”** a través da colaboración coa **Fundación Mujeres**. As actividades de prevención e o apoio ás persoas coidadoras pretenden aliviar o estrés, o illamento e a sobrecarga emocional que a cotío van asociados ao traballo dos coidados, proporcionando ás mulleres coidadoras ou familiares recursos de información, apoio emocional, formación e a participación social, evitando desta forma unha situación de desestruturación familiar. Entre os meses de outubro e novembro 2018 realizaranse os seguintes obradoiros impartidos por persoal especializado:

- a) 2 e 9 de outubro. Obradoiro de xestión do tempo “O teu tempo, o teu lecer”.
- b) 16, 23 e 30 de outubro. Obradoiro de xestión emocional “Emocionarte, a arte das emocións”.
- c) 6 de novembro. Obradoiro de regulación de conflitos “Chantaxe emocional”.
- d) 13 de novembro. Obradoiro de relacións afectivas “As cousas do querer”.
- e) 20 e 27 de novembro. Obradoiro de identidade e proxecto vital “Rumbo á miña vida”.

Periodicidade: unha sesión á semana de dúas horas.

Prazo de inscrición do programa Cidadanas: **Do 10 ao 21 de setembro de 2018** no Centro Municipal de Servizos Sociais poñéndote en contacto coa educadora familiar (Marisa), no teléfono 981791252 (ext.3) ou no seguinte enderezo de correo electrónico: marisa.vazquez@bergondo.gal

En segundo lugar, os Servizos Sociais Municipais estudaremos a posibilidade de poñer en marcha unha **“Unidade de memoria”** dirixida a persoas con deterioro cognitivo leve ou demencia en estadio inicial, en caso de que exista unha demanda real deste servizo. Esta unidade de memoria do concello de Bergondo estaría xestionada por persoal especializado da asociación **Afaco** (Asociación de familiares de enfermos Alzheimer da Coruña)

O obxectivo fundamental é mellorar a calidade de vida da persoa enferma de alzheimer e da súa familia a través da promoción da autonomía do paciente, do mantemento das capacidades físico-cognitivas no maior tempo posible así como potenciar a interacción social no seu entorno.

Se queres inscribir ao teu familiar para participar nesta unidade deberás facelo no prazo establecido. Posteriormente os profesionais procederán a realizar unha avaliación individualizada en cada caso (entrevista coa familia e valoración cognitiva afectiva dos/as posibles candidatos/as). As persoas que sexan valoradas como idóneas poderá asistir aos obradoiros de estimulación: estimulación cognitiva, estimulación de actividades da vida diaria, psicomotricidade, musicoterapia e expresión corporal, laborterapia, ludoterapia e intervención psico-afectiva.

Prazo de inscrición ao programa “Unidade de memoria”: do **3 ao 21 de setembro de 2018** no Centro Municipal de Servizos Sociais poñéndote en contacto coa educadora familiar (Marisa), no teléfono 981791252 (ext.3) ou no seguinte enderezo de correo electrónico: marisa.vazquez@bergondo.gal

A participación nestes programas é gratuíta e en caso de dificultades da asistencia por motivos de desprazamento ou non deixar soa a persoa que se coida etc. podería xestionarse un servizo de voluntariado municipal.